



# POXA MOEXMU



Dado o carácter autonómico do certame, dende FEFRIGA, vamos aproveitar a ocasión para realizar unha poxa de animais singulares, unha poxa que serva a compradores e vendedores, ofertando un escaparate onde os criadores que están realizando un intenso traballo de selección poderán ofertar os seus animais, buscando unha valorización dos mesmos que lles permita continuar traballando nesa liña, así como unha oportunidade para adquirir animais singulares para a súa explotación, animais procedentes de liñas xenéticas das que non dispoñían, animais cun elevado potencial xenético que lles permita ir mellorando o seu rabaño dun xeito máis rápido.

Un animal pode destacar por distintos motivos, así queremos establecer uns criterios de admisión para esta poxa que permita encaixar a todos eles, establecendo unha base que todos deben cubrir, e a partir de aí, no caso de haber máis oferta, será a organización a encargada de seleccionar os animais, dando prioridade a que participen o máximo número de ganderías e tamén aquelas que acudan con animais ao XXX Concurso Autonómico da Raza Frisoa FEFRIGA`22.

Como criterio base toda animal que queira ofertase nesta poxa debe cumprir con algún dos requisitos seguintes:

- **Animal de alto valor xenético**
  - Percentil 90 para ICO ou GICO
  - Percentil 95 para outros índices de selección (ICU, IPP, IGT ou índices económicos)
- **Animal de excepcional morfoloxía:**
  - Animal con 4 ou máis xeracións MB ou EX no seu pedigree.
  - Animal cualificado MB ou EX.
- Animal descendente dunha **vaca estrela** ou **medalla de ouro**.
- Animal que conte no seu pedigree con algún **campionato nacional ou rexional**.
- Animal descendente dunha vaca que resultase distinguida como **primeira por produción** nalgunha provincia por nalgunha das súas lactacións.

**O PRAZO DE INSCRIPCIÓN REMATA O 28 DE FEBREIRO**